

“OLE LARANXIÑA” (pasodobre)
Laxoso, Ponte Caldelas

A LARANXA PEQUENIÑA
COLLE DENTRO DO LIMÓN
TAMÉN TI MEU QUERIDIÑO
COLLES NO MEU CORAZÓN
COLLES NO MEU CORZÓN
AI A LALA, AI A LALA

*¡OLE LARANXIÑA!
LARANXA, LIMÓN
QUEN NON TEN AMORES
MORRE DE PAIXÓN
MORRE DE PAIXÓN
LIMÓN E LARANXA
QUEN NON TEN AMORES
DE PRONTO OS ARRANXA*

ENTRADE MOZOS ENTRADE
POR ESA PORTA PRA DENTRO
QUE VOS QUERO PERGHUNTARE
QUEN TRAEDES NO PENSAMENTO
QUEN TRAEDES NO PENSAMENTO
AI A LALA, AI A LALA

¡OLE LARANXIÑA!.....

TIREICH'UNHA LARANXIÑA
DENDE AQUÍ A PONTEVEDRA
POBRE MIÑA LARANXIÑA
VASTE VOLVER AMARELA
VASTE VOLVER AMARELA
AI A LALA, AI A LALA

¡OLE LARANXIÑA!...